

# A AELG desvela os nomes d@s finalistas para os seus premios

Redacción | 28 d Marzo d 2014



Vinte e sete obras compiten ás distintas categorías dos premios que cada ano concede a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que desta volta chegan a súa décimo quinta edición. Entregaranse no Teatro Principal de Pontevedra o próximo 3 de maio, na Gala das Letras.

Máis de catrocentos socios e socias da AELG participaron na elección das persoas e obras finalistas dos distintos galardóns que a AELG concede cada ano e serán tamén quen decida quen levarán finalmente os premios que se entregarán o 3 de maio na Gala das Letras que terá lugar no Teatro Principal de Pontevedra.

Ensaio, poesía, narrativa, tradución, teatro, blog literario, literatura infanto-xuvenil e traxectoria xornalística son as distintas modalidades da convocatoria da AELG que, para as dúas últimas, conta coa participación de membros de Gálix e do Colexio de Xornalistas.

Son finalistas polas diversas categorías:

Blog Literario

Caderno da crítica, de Ramón Nicolás

Criticalia, de Armando Requeixo

Versos e aloumiños, de Antonio García Teijeiro e Antón García-Fernández

## Ensaio

A revolución non vai ser televisada, de Rebeca Baceiredo (Euseino? Editores)  
Estilística da Lingua Galega, de Xosé Ramón Freixeiro Mato (Xerais)  
Feminismos, de Olga Castro e María Reimóndez (Xerais)

## Literatura Infanto-xuvenil

A illa de todas as illas, de Xabier P. DoCampo (Xerais)  
A pantasma da casa da Matanza, de Miro Villar (Biblos)  
Todos somos, de Marcos Calveiro (Xerais)

## Mellor traxectoria de Xornalismo Cultural en 2013

Ana Romani  
Carme Vidal  
Fran P. Lorenzo  
Iago Martínez  
Montse Dopico

## Narrativa

A lúa da colleita, de Anxos Sumai (Galaxia)  
A memoria da choiva, de Pedro Feijoo (Xerais)  
O derradeiro libro de Emma Olsen, de Berta Dávila (Galaxia)

## Poesía

Habitación do asombro, de Miguel Anxo Fernán-Vello (Espiral Maior)  
Ningún precipicio, de Olalla Cociña (Toxosoutos)  
Raíz da fenda, de Berta Dávila (Xerais)  
Sobre ruínas, de Xesús Rábade Paredes (Alvarelos Editora)

## Teatro

Isóbaras, de Gustavo Pernas (Xerais-Xunta de Galicia)  
O refugallo, de Paula Carballeira (Xerais-Xunta de Galicia)  
Obras Completas (Vols. I, II e III), de Roberto Vidal Bolaño (Edicións Positivas)

## Tradución

Desgastei cadeas estrañándote, de Ahmed Arif, traducido por Pepa Baamonde e Irfan Güler (Espiral Maior)  
Ulises, de James Joyce, na tradución de Antón Vialle, Eva Almazán, María Alonso Seisdedos e Xavier Queipo (Galaxia)  
Viaxe ao futuro. Relatos de ciencia ficción, VV. AA., en tradución de Alejandro Tobar (Vicens Vives)

## Recoñecementos da directiva

Nun ano no que a AELG fai ao teatro protagonista dos seus galardóns, na Gala das Letras entregárase premio a Institucións Culturais ao proxecto Buxiganga, á Área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación

de Lugo, á Área de Cultura de Deputación da Coruña, polo Premio de teatro Rafael Dieste e aos concellos de Narón e Tui polo esforzo na promoción das artes escénicas. O premio "Mestras-es da Memoria" 2014 irá destinado a Elba Requeijo e Xavier Blanco, pola súa dedicación á transmisión da cultura popular. O vasco Bernardo Atxaga será recoñecido como Escritor Galego Universal.

A distinción "Bos e Xenerosos" recoñecerá nesta edición á xente do teatro por "mater vivos os nosos escenarios nun momento en que os recortes afectan de maneira especial ás programacións culturais". A compañía Sarabela Teatro como agrupación profesional, Achádego Teatro de Lugo, en teatro amador, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, en representación da profesión e á Editorial Laiovento e o proxecto Casahamlet como iniciativas privadas. A AELG desvela os nomes d@s finalistas para os seus premios